Vigo, expoñente do caciquismo galego

Desde o triunfo do socialfascista PSdeG en Vigo en xuño do ano 2007, Abel Caballero preocupouse por seguir unha estratexia política que nos fai facilmente lembrar a política que os patricios (a clase privilexiada e explotadora na antiga Roma) aplicaban no seu momento coa clase plebea; Panem et circenses, pan e circo, co fin de perpetuarse no concello e de mitigar a conciencia do pobo traballador vigués.
En primeiro lugar, destacamos un clásico dos gobernos locais como é a adxudicación de faraónicas obras públicas a empresas privadas. Non grato é lembrar a gran oposición veciñal e politica que se organizou polo ano 2015 coa construción dunha rotonda que custou preto dun millon de euros aos contribuíntes e menos aínda lembrar os tamén case dous millóns e medio de euros que se dedicaron en exclusiva á iluminación mentres que o diñeiro destinado a axudas sociais durante os meses nos que estivo colocado a iluminación (3 meses) non pasou dos 80.000.

Tampouco debemos esquecer a ridícula competición coa iluminación do Nadal de Nova Iorque, gastándose no proceso preto dun millón de euros, nin os festivais e concertos nos que se contratan grandes bandas e artistas, coa finalidade de utilizar os devanditos eventos como reclamo turístico.

Como xa comentamos, estas accións teñen un obxectivo máis aló do lúdico ou o económico. Estas políticas teñen un alto contido ideolóxico dedicado a apartar aos traballadores da liberación das súas cadeas. Que Vigo sexa ademais a cidade de Galicia que máis destaque por ter un alcalde cun sentido do ridículo nulo non é casualidade, debido a que dita localidade é a que maior Produto Interior Bruto de toda a Comunidade Autónoma, o cal implica a necesidade de realizar un maior labor de alienación para as masas.

Como partido revolucionario que é, o PCOE ten a obriga de

mostrar a realidade ao pobo, a cal dista de ser algo que festexar como ben nos pode suxerir o bufón de Abel Caballero. O paro segue subindo e os contratos de emprego que se asinan non son máis que lixo temporal que só aparece en etapas nas que a industria do sector terciario necesita de man de obra barata coa que beneficiarse. Como consecuencia disto atopámonos con que un 21% da poboación viven por baixo do limiar da pobreza.

Os desafiuzamentos sucédense e o número de persoas sen fogar prosegue. O albergue municipal, medida de humillación ante quen non ten teito onde durmir, atópase colapsado. Ante isto decenas de persoas organizáronse e montaron unha acampada, na propia praza do Concello, tanto como unha forma de protesta como unha maneira de dar un lugar onde poder durmir a aquela xente que non pode sequera acceder ao propio albergue.

Pola acampada xa pasaron centos de persoas desamparadas, e a administración caudillista de Caballero pasou de ignorar aos senteito a mesmo mover a acampada a unha esquina da praza do concello e rodeala por un valo coma se dunha zona de perigo ou detención se tratase. A administración demostra con este exemplo a súa natureza fascista.
Neste contexto a oposición política está constituída por dous partidos: por unha banda o PP, que tan só critica as decisións e políticas que o caciquismo toma e adopta e polo outro lado, En Marea, socialdemocracia que só propón melloras irrealizables dentro dos marcos do sistema capitalista.

Todo iso móstranos máis claramente a necesidade dun movemento obreiro que aglutine aos distintos traballadores da sociedade e que aspire a enviar a todos e cada un dos parasitos que viven do noso traballo ao vertedoiro da historia. A defensa da Fronte Única do Pobo como máximo expoñente da organización proletaria e das súas clases amigas para que dunha vez por todas póidaselles respectar.

Abaixo o oportunismo!

Pola Fronte Única do Pobo!

Polo socialismo!
PCOE en Vigo

Vigo, exponente del caciquismo gallego

Desde el triunfo del socialfascista PSdeG en Vigo en junio del año 2007, Abel Caballero se ha preocupado por seguir una estrategia política que nos hace fácilmente recordar la política que los patricios (la clase privilegiada y explotadora en la antigua Roma) aplicaban en su momento con la clase plebeya; Panem et circenses, pan y circo, con el fin de perpetuarse en el ayuntamiento y de mitigar la conciencia del pueblo trabajador vigués.
En primer lugar, destacamos un clásico de los gobiernos locales, como es la adjudicación de faraónicas obras públicas a empresas privadas. No es grato recordar la gran oposición vecinal y política que se organizó por el año 2015 con la construcción de una rotonda que costó cerca de un millón de euros a los contribuyentes y menos aún recordar los también casi dos millones y medio de euros que se dedicaron en exclusiva al alumbrado mientras que el dinero destinado a ayudas sociales durante los meses en los que estuvo colocado la iluminación (3 meses) no pasó de los 80.000.

Tampoco debemos olvidar la ridícula competición con el alumbrado navideño de Nueva York, gastándose en el proceso cerca de un millón de euros, ni los festivales y conciertos en los que se contratan grandes bandas y artistas, con la finalidad de utilizar dichos eventos como reclamo turístico.

Como ya comentamos, estas acciones tienen un objetivo más allá del lúdico o el económico. Estas políticas tienen un alto contenido ideológico dedicado a apartar a los trabajadores de la liberación de sus cadenas. Que Vigo sea además la ciudad de Galicia que más destaque por tener un alcalde con sentido del

ridículo nulo no es casualidad, puesto que dicha localidad es la de mayor Producto Interior Bruto de toda la Comunidad Autónoma, lo cual implica la necesidad de realizar una mayor labor de alienación de cara a las masas.

Como partido revolucionario que es, el PCOE tiene la obligación de mostrar la realidad al pueblo, la cual dista de ser algo que festejar como bien nos puede sugerir el bufón de Abel Caballero. El paro sigue subiendo y los contratos de empleo que se suscriben no son más que basura temporal que solo aparece en etapas en las que la industria del sector terciario necesita de mano de obra barata con la que beneficiarse. Como consecuencia de esto nos encontramos con que un 21% de la población vive por debajo del umbral de la pobreza.

Los desahucios se suceden y el número de personas sin hogar prosigue. El albergue municipal, medida de humillación ante quien no tiene techo donde dormir, se encuentra colapsado. Ante esto decenas de personas se organizaron y montaron una acampada, en la propia plaza del Ayuntamiento, tanto como una forma de protesta como una manera de dar un lugar donde poder dormir a aquella gente que no puede siquiera acceder al propio albergue.

Por la acampada ya han pasado cientos de personas desamparadas, y la administración caudillista de Caballero pasó de ignorar a los sintecho a incluso mover la acampada a una esquina de la plaza del ayuntamiento y rodearla por una valla como si de una zona de peligro o detención se tratase. La administración demuestra con este ejemplo su naturaleza fascista.

En este contexto la oposición política está constituida por dos partidos: por un lado, el PP, que tan sólo critica las decisiones y políticas que el caciquismo toma y adopta y por el otro lado, En Marea, socialdemocracia que solo propone mejoras irrealizables dentro de los marcos del sistema

capitalista.

Todo ello nos muestra más claramente la necesidad de un movimiento obrero que aglutine a los distintos trabajadores de la sociedad y que aspire a enviar a todos y cada uno de los parásitos que viven de nuestro trabajo al basurero de la historia. La defensa del Frente Único del Pueblo como máximo exponente de la organización proletaria y de sus clases amigas para que de una vez por todas se les pueda respetar.

¡Abajo el oportunismo!

¡Por el Frente Único del Pueblo!

¡Por el socialismo!
PCOE en Vigo